



**Nuria Lobato del Río, Secretaria Xeral do Ilmo. Concello de Bueu (Pontevedra)**

**Certifico:**

Que a **Xunta de Goberno Local** deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día **7 de marzo de 2014**, adoptou, entre outros, o acordo que, de xeito literal, quedou como segue:

**C) CONTRATACIÓN**

**5. (C34-13) PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA Á DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDIMENTO ABERTO DE CONTRATACIÓN DO SUMINISTRO, MEDIANTE ARRENDAMENTO CON OPCIÓN DE COMPRA, DE VARIOS VEHÍCULOS PARA O SERVIZO MUNICIPAL DE POLICÍA LOCAL**

Considerando a proposta de Alcaldía de 03.03.14 que literalmente di:

*"Por providencia de Alcaldía de 03.12.13 iniciouse o procedemento de contratación, polo procedemento aberto e tramitación urxente, do suministro, mediante arrendamento con opción de compra de varios vehículos para a prestación de servizos da policía local do concello de Bueu, aprobándose o correspondente expediente de contratación, o gasto e os pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e de prescricións técnicas (PPT) mediante resolución de alcaldía de 13.12.13, publicándose o correspondente anuncio de licitación no Taboleiro de anuncios do concello, no Perfil do contratante e no B.O.P. de Pontevedra núm. 1 de 02.01.2014.*

*Transcorrido o prazo de presentación de proposicións, nos termos sinalados na cláusula VIII.1 dos PCAP, concorren á licitación FINANZIA AUTORENTING, S.A., CIF: A-60028776, AVDA MONFORTE DE LEMOS S/N, 28029 MADRID e RODOSA S.L, CIF: B36620193, AVDA PABLO IGLESIAS, 73 36391, PRIEGUE-NIGRÁN (PONTEVEDRA) acordando a Mesa de contratación, na súa sesión núm 2 de data 16.01.14, a admisión a licitación de ambas " (...) por considerar que a documentación aportada no sobre A permite determinar que se axusta aos criterios de selección previa fixados na cláusula 8.2.1 dos PCAP sen perxuízo da cualificación da documentación acreditativa da capacidade xurídica e de obrar que corresponde ao órgano de contratación noutra fase da licitación consonte establece a cláusula 9.3.2 dos PCAP" según tenor literal do punto 1º da acta da devandita sesión que deriva da aplicación do procedemento previsto no aptdo. 4º do art. 146 do TRLCSP introducido polo núm. 2 do art. 44 da Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, que establece "El órgano de contratación, si lo estima conveniente, podrá establecer en el pliego de cláusulas administrativas particulares que la aportación inicial de la documentación establecida en el apartado 1 se sustituya por una declaración responsable del licitador indicando que cumple las condiciones establecidas legalmente para contratar con la Administración. En tal caso, el licitador a cuyo favor recaiga la propuesta de adjudicación, deberá acreditar ante el órgano de contratación, previamente a la adjudicación del contrato, la posesión y validez de los documentos exigidos."*

*Reunida a Mesa de contratación na sesión celebrada con data 24.01.14 propon ao órgano de contratación a adxudicación a favor de RODOSA S.L, CIF: B36620193, por ser o único licitador que presenta a proposición axustada aos PCAP e de PPT*

*Mediante escrito de data 07.02.14 (RE núm. 885/14 de data 10.02.14) aportase por RODOSA S.L documentación a requerimento de alcaldía previo á adxudicación de data 03.02.2014 para aportar, entre outros, a documentación acreditativa da capacidade xurídica e de obrar, así como da solvencia económico-financieira e técnica esixible no artigo 146 do TRLCSP relacionada no anverso do modelo de declaración xurada que figura como anexo I aos PCAP nos termos esixidos na cláusula 9.3.2.f) dos mesmos, entre a que se atopa o "Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario consonte esixe o art. 146.1 do TRLCSP. (...) A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial).*

*Considerando que a documentación acreditativa da capacidade xurídica e de obrar da citada empresa a constitúe a aportada no sobre A da súa proposición, presentado polo licitador co núm. de asento no rexistro xeral municipal 162 de data 10.01.2014, consistente na escritura de adaptación de estatutos sociais da citada entidade á lexislación mercantil vixente, outorgada ante notario do Ilustre colexio de A Coruña, Alvaro Moure Goyanes, baixo o número de protocolo 2531, de data 20.09.1999.*





Considerando que no artigo 2 dos estatutos sociais da entidade, contidos na escritura referenciada, figura como obxecto da entidade "La reparación y compraventa de toda clase de vehículos"

Considerando que o art. 54.1 do TRLCSP dispón que só poderán contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas nunha prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional debendo contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitua o seu obxecto, engadindo o 57.1 do TRLCSP, que as persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estén comprendidas dentro do seus fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor do seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios, sancionando o art. 32 da citada norma, a falta de capacidade de obrar coa nulidade de pleno dereito do contrato

En base aos preceptos de referencia e tendo en conta, polo obxecto social da entidade proposta, que as prestacións obxecto do contrato definidas nos PCAP e detaiadas no PPT non se atopan comprendidas nos fines, obxecto e ámbito da actividade da empresa segun o recollido no obxecto social definido no artigo 2 dos estatutos sociais da empresa

Tendo en conta as consideracións técnicas e xurídicas relacionadas e en aplicación do disposto nos arts. 146.4, na redacción dada polo número dos do art. 44 da Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, 151.3 e 170.1.c) do TRLCSP e cláusula IX.3.2ª do PCAP, 53.2 e 54 da lei 30/92, de 26.11, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC) e de acordo coas atribucións recoñecidas na Disposición adicional 2ª do TRLCSP, pola presente propoño á Xunta de goberno local como órgano de contratación a a adopción do seguinte acordo:

- 1ª.- Excluir, consonte o artigo 151.4.b) do TRLCSP, a RODOSA S.L, CIF: B36620193, AVDA PABLO IGLESIAS, 73 36391, PRIEGUE-NIGRÁN (PONTEVEDRA), do procedemento de adxudicación do contrato do suministro mediante arrendamento con opción de compra de varios vehículos para a prestación de servizos da policía local do concello de Bueu por considerar, una vez cualificada a documentación presentada pola mesma, que non resulta acreditada perante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a capacidade xurídica e de obrar suficiente para a realización con validez e eficacia do concreto negocio xurídico derivado da contratación do suministro mediante arrendamento con opción de compra de varios vehículos para a prestación de servizos da policía local do concello de Bueu.
- 2ª.- Declarar deserto o procedemento aberto de contratación do suministro, mediante arrendamento con opción de compra, de varios vehículos para a prestación de servizos da policía local do concello de Bueu.

Consonte dispón o artigo 151.4.b) do TRLCSP e en aplicación do procedemento previsto no PCAP, 151.2 do TRLCSP e no exercizo das atribucións en materia de contratación contida na Disposición adicional 2ª do citado TRLCSP delegadas na Xunta de goberno local por resolución de alcaldía de 14.06.11 (BOP núm. 145 de 29.07.11)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

- 1ª.- Excluir a RODOSA S.L, CIF: B36620193, AVDA PABLO IGLESIAS, 73 36391, PRIEGUE- NIGRÁN (PONTEVEDRA), do procedemento de adxudicación do contrato do suministro mediante arrendamento con opción de compra de varios vehículos para a prestación de servizos da policía local do concello de Bueu por considerar, una vez cualificada a documentación presentada pola mesma, que non resulta acreditada perante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a capacidade xurídica e de obrar suficiente para a realización con validez e eficacia do concreto negocio xurídico derivado da contratación do suministro mediante arrendamento con opción de compra de varios vehículos para a prestación de servizos da policía local do concello de Bueu.
- 2ª.- Declarar deserto o procedemento aberto de contratación do suministro, mediante arrendamento con opción de compra, de varios vehículos para a prestación de servizos da policía local do concello de Bueu.
- 3ª.- Notificar este acordo ós que figuran como interesados no expediente, co réxime de recursos que contra o mesmo caben, e asemade ó departamento de Intervención Municipal para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.

E para que así conste, expido a presente, coa salvidade a que se refire o artigo 206 do R.D. 2568/1986, visada polo Sr. Alcalde, na Consistorial de Bueu, a vinte de marzo de dous mil catorce.

A Secretaria,

Vº Pr.  
O Alcalde,

